



Europa NO TEU Concello



EUROPE DIRECT
A Coruña



Deputación
DA CORUÑA

#EUROPANOTEUCONCELLO

#NEWSLETTER

CONSULTA AS NOVIDADES!

1 de decembro 2023

-Prácticas no Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT) - ata o 16 de xaneiro

Formación remunerada de seis meses, con incorporación a inicios de 2024, para diferentes perfís profesionais nas seccións de Dirección Xeral, Comunicación e Innovación no EIT.

-Formación no Tribunal de Contas Europeo- ata o 31 de xaneiro - ata o 31 de xaneiro

Aberto o período para solicitar prácticas de cinco meses, con inicio en maio, no Tribunal de Contas Europeo que busca perfís de Auditoría, Orzamento, Contabilidade, Administración, Recursos Humanos, Tradución, Comunicación, Relacións Internacionais e Xurídico.

-Bolsas de formación no Centro de Medicina do Deporte - ata o 21 de decembro

Oito bolsas para a formación teórica e práctica de posgrao no Centro de Medicina do Deporte do Consello Superior de Deportes para persoas tituladas en Psicoloxía, Fisioterapia, Ciencias da Actividade Física e o Deporte e Nutrición Humana e/ou Dietética.

-European Job Days:

-Work in Denmark - Destination Kalundborg - o 5 de decembro

Feira de emprego online para postos cualificados en construción, Ciencias da Vida, Enxeñería, xestión e tecnoloxía.

Europe Direct A Coruña - europedirect@dacoruna.gal - www.dacoruna.gal/europedirect

  Europe Direct A Coruña  @edcoruna  @europedirectcoruna  682677765

-Algunhas oportunidades do Corpo Europeo de Solidariedade

-Voluntariado en el Festival Sankirtan en Alemaña - ata o 19 de decembro

Para axudar na organización do festival durante dúas semanas, dende o 21 de decembro ata o 3 de xaneiro.

-Voluntariado de asistencia legal a migrantes en Zagreb - ata o 7 de xaneiro

Voluntariado dun ano na organización Borders:none en Croacia, que facilita información legal a migrantes e persoas en busca de asilo.

-Viaxes de medios de #EUinmyRegion- ata o 8 de xaneiro

Programa de estudos para xornalistas e creadores de contido locais e rexionais da Unión Europea que inclúe formación sobre fondos, estruturas e procedementos da UE e unha viaxe de estudos de dous días a Bruxelas.

-Guía de mobilidade internacional para Traballo Social

O Consello Xeral do Traballo Social edita esta guía con información para a mobilidade de profesionais deste ámbito na UE e fóra.

E lembra!

-Prácticas na Autoridade Laboral Europea - ata o 11 de decembro

Aberta unha convocatoria de prácticas de entre seis meses e un ano para persoas con perfil TIC e instalacións.

-Formación remunerada no Banco Europeo de Investimento - ata o 7 de decembro

Hai dispoñibles 58 postos de prácticas remuneradas durante cinco meses en oficinas do BEI de diferentes países.





Coñeces o noso ClubUE?

Se tes entre 18 a 30 anos e queres COÑECER, APRENDER e PARTICIPAR das oportunidades que ofrece a Unión Europea. Únete!

Podes acceder aos enlaces dende a páxina:

<https://bit.ly/EuropaNoTeuConcello> ou escaneando o código QR

